

## DECRETO DA ALCALDÍA

**ASUNTO: NOMEAMENTO DE ASESOR DO TRIBUNAL PARA A PROBA DE COMPETENCIA EN LINGUA GALEGA NO PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN E NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DUN/DUNHA TÉCNICO DE EDUCACIÓN**

**EXPEDIENTE: 2019/G003/002058**

### ANTECEDENTES:

1.- Mediante Decreto 1272/2019, do 10 de maio aprobáronse as bases polas que se rexe a convocatoria do proceso selectivo para a selección e nomeamento como funcionario interino/a ata a cobertura de vacante, dun/dunha técnico de educación, pertencente á escala de administración xeral, subescala técnica, clase superior, subgrupo A1.

2.- Mediante Decreto 1906/2019, do 8 de xullo aprobouse a lista definitiva de admitidos no devandito proceso selectivo, publicouse a composición do Tribunal que xulgará as probas e fixouse como data de constitución do mesmo o día 12 de xullo do 2019 ás 13:30 horas.

3.- Na data prevista, constituíuse o Tribunal e acordouse convocar aos aspirantes á proba específica de competencia en lingua galega que se celebrará o 23 de xullo do 2019 ás 12:00 horas.

4.- Segundo o apartado 7º in fine das bases que rexen a convocatoria, "o Servizo de Normalización Lingüística municipal poderá asesorar ao tribunal e colaborar na confección e na corrección da correspondente proba de competencia en lingua galega."

Polo exposto, o uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local,  
**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Nomear asesora do Tribunal do proceso selectivo de técnico de educación, para a proba de competencia en lingua galega, a Rosa Moreiras Cuñarro, técnica de normalización lingüística do Concello de Ames.

**Segundo.-** Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ames.

O Alcalde

A Secretaria

José M. Miñones Conde

Rosa Ana Prada Queipo